

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Optativa
DISCIPLINA	Deseño de Espectáculos Multidisciplinares
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección Escénica e Dramaturxia
ITINERARIO	Dirección Escénica e Dramaturxia
CURSO	4º
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Optativa
DEPARTAMENTO	Escenografía
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Alejandra Montemayor Suárez
DOCENTES	Nome e apelidos: Alejandra Montemayor Suárez Horario titorías: ver www.esadgalicia.com Contacto: diasdeluz@gmail.com
DESCRIPCIÓN	Introdución a diversas ferramentas de xeración de sons, iluminación, videomapping e electrónica que posibiliten o desenvolvemento de espectáculos multidisciplinares.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	

X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, buscando ámbitos axeitados para a formación continua e para adaptarse a diversas situacións, en especial ás derivadas da evolución da súa profesión.
COMPETENCIAS ESPECIFICAS DA ESPECIALIDADE	
EE1	Concibir as ideas e as propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
EE2	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Obter unha visión global dos New Media Art e os proxectos multidisciplinares.	T2, T13, X6, EE1, EE2
2. Iniciarse no manexo de diferentes softwares e ferramentas que permitan ao alumnado desenvolver proxectos multidisciplinares.	T2, T3, T13, X6, EE1, EE2

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. New Media Art	1.1. Introducción teórica sobre o arte dos novos medios 1.1.1. Antecedentes. 1.1.2. Videoarte. 1.1.3. Cinema expandido. 1.1.4. Arte interactiva. 1.1.5. Arte performativa. 1.1.6. Light Art. 1.1.7. Arte cinética. 1.1.8. Arte xerativa. 1.1.9. Arte robótica.	2
2. Arte sonora	2.1. Arte sonora. 2.2. Paisaxe sonora. 2.3. Xeración de sons. 2.4. Gravación e edición de sons.	4
3. Fontes de luz LED en instalacións efémeras	3.1. Tipos de LEDs. 3.2. Conectores. 3.3. Controladores.	3

4. Videomapping	4.1. Iniciación ao videomapping 4.1.1. Xeración de material, edición e proxección	3
5. A electrónica en proxectos multidisciplinaís	5.1. Proxectos DIY 5.2. Introducción a Arduino 5.3. Materiais condutivos	3
TOTAL SESIÓN		15

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Exposición maxistral	8		8
Exposición práctico-teórica	12		12
Práctica individual	10	15	25
Práctica colectiva	6	6	12
Titorías individuais	6	9	15
Actividades de avaliación. Probas.	3	15	18
TOTAL	45	45	90
PORCENTAXE	50%	50 %	

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Exposición maxistral	Exposicións por parte da docente dos coñecementos teóricos precisos para o desenvolvemento das prácticas.
Exposicións teórico-prácticas.	Realizárase unha práctica ao mesmo tempo que a docente indica as directrices teóricas.
Práctica individual	Desenvolveranse baixo a supervisión da docente, aplicando os contidos acadados
Práctica colectiva	Prácticas conxuntas tralas exposicións maxistras ou ao finalizaren as teórico-prácticas.



Tutorías individuais	Traballo e asesoramento sobre o exercicio final.
Actividades de avaliación	Avaliación do exercicio final realizado

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Tutoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inxerencias que xurdan en cada caso. <i>Tutoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Realización dunha instalación, intervención ou performance na que se apliquen durante o proceso e/o a execución algunhas das ferramentas contidas nesta guía docente. No caso de que non poda realizarse na súa totalidade por mor da falta de recursos técnicos y materiais, valorarase a posibilidade de aportar unha memoria escrita na que se engada tamén a descrición das parte que non poden ser executadas.	T1, T2, T3, X6, EE1, EE2	80%
Asistencia a clase, puntualidad, participación...	T13	20 %

Nota: O 10% de faltas de asistencia a clase suporá a perda da avaliación continua.

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo escrito de ao menos 20 páxinas máis anexo de imaxes sobre un dos apartados do Tema 1 desta programación docente.	T1, T2, T3, X6, EE1, EE2, T13	70%
Exame consistente na análise duns videos relacionados co Tema 1 desta programación docente.	T1, T2, T3, X6, EE1, EE2, T13	30%

Nota 1: A persoa que se atope nesta situación deberá poñerse en contacto coa profesora ao menos seis semanas antes das datas de avaliación. Asemade, a temática do traballo deberá ser consensuado e acoutado coa profesora.
 Nota 2: Para aprobar a materia todas as partes deberán ser aprobadas.

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo escrito de ao menos 20 páxinas máis anexo de imaxes sobre un dos apartados do Tema 1 desta programación docente.	T1, T2, T3, X6, EE1, EE2, T13	70%
Exame consistente na análise duns videos relacionados co Tema 1 desta programación docente.	T1, T2, T3, X6, EE1, EE2, T13	30%

Nota 1: A persoa que se atope nesta situación deberá poñerse en contacto coa profesora ao menos seis semanas antes das datas de avaliación. Asemade, a temática do traballo deberá ser consensuado e acoutado coa profesora.
 Nota 2: Para aprobar a materia todas as partes deberán ser aprobadas.

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

CRUZ SÁNCHEZ, P.A. (2022) Arte y performance. Una historia desde las vanguardias hasta la actualidad. Ed. Akal
IGLESIAS, R. (2016) Arte y robótica: la tecnología como experimentación. Ed. Casimiro.
JANA, R. Y TRIBE, M. (2009) Arte y nuevas tecnologías. Ed. Taschen.
RUSSOLO, L. (2020) El arte de los ruidos. Ed. Casimiro.
TORRENTE ARTERO, O. (2016) El mundo Genuino-Arduino, Curso Práctico de Formación. Ed. RC

www.archive.com

www.arduino.cc

www.castsoft.com

www.freesound.org

www.nicolaudie.com

www.publicdomainreview.org

www.resolume.com

www.spreaker.com

www.theredlist.com

Outros recursos bibliográficos serán engadidos ao longo do desenvolvemento da materia.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

- Atención á diversidade: ao tratarse dunha materia cunha gran carga práctica, valorarase cada posible situación de xeito particular para garantir unha resposta ás necesidades temporais ou permanentes de todo o alumnado.
- Os traballos escritos deberán axustar á normativa APA.